

# Perdidos no espazo

---

Inmenso espazo intergaláctico de estrito baleiro, sen cor emocional, salpicado de concrecións de materia afastadas, imposibles. Navegar hibernado, de que outro xeito soportalo, ata chegar a algún planeta habitable de acolledora atmosfera onde sacar o traxe e respirar con todo o corpo. Coller forzas, afacerse á idea de que pode ser o derradeiro, aproveitalo ben e continuar a viaxe solitaria. Que máis ten anos que anos-luz, anos-escuridade son en realidade, na negrura do soño, reducido á mínima expresión da vida, un latexo ao mes, para vivir milenios amortecidos, embalsamado en xeo conservador. Que non conversador.

Tremenda a soidade. Arrefriarse é o único xeito de soportalo, pero xa para que, a probabilidade de atopar compañía en vida é cero absoluto. Baleiro sen límites, inconmensurable. Depresión recoñecida e sazónada con endorfinas variadas. Hai que tomalas, repartidas nas comidas do día. Porque segue a haber comidas periódicas. O baleiro de verdade. A negación de todo o que é a vida. Soidade e morte. Frío. Illamento. Poderá soportalo? Importa iso? Ninguén máis vai oír a resposta. Nunca máis volver ver a ninguén. Auga, aire e comestibles para unha eternidade. Música, textos, xogos, filmes. Un laboratorio ben equipado en biomecánica e cibernética. Pode fabricar cacharros, robotiños, algún bicho mascota. Tentalo polo menos antes do suicidio. Calquera cousa mellor que seguir falando co supervisor. Venres, chamouno nun brote de humor macabro, ao ser informado por el do desastre. Ao carallo os sistemas de navegación e propulsión.

Só, só, só. Aínda que non o di alto para non oír a resposta de Venres. O supervisor faino todo, mesmo lle dar conversación e intentar subirlle o ánimo. Fai o traballo sucio de toda a nave e sóbralle tempo para analizar o seu comportamento e prescribirlle actividades e medicacións, para recordarlle constantemente co seu

neutro optimismo que alí o único humano e por tanto mortal é el, porque Venres é practicamente inmortal, polo menos comparado con el. As súas pilas atómicas tardarán séculos en esgotarse, e aínda que el desapareza Venres continuará a facer a súa vida habitual. Sen importarlle o día que sexa. En silencio. Ou quizais lle dea por falar só tamén. Non sabe de ningún sistema similar abandonado a si mesmo moito tempo. Como evolucionará, dexenerará coma el ou non experimentará cambios apreciables, pregúntase. Nin sequera pode botarlle a culpa da situación. Foi a fatalidade, as últimas rabexadas da tormenta iónica afectaron aos sistemas de navegación, pero estes seguiron a traballar como se nada ata mandalo ao carallo. Despois si, cando facía os cálculos para regresar, avariáronse definitivamente. Ten, teñen unha idea bastante exacta de onde están, e non lle importaría estar errado, non, tampouco ninguén os vai felicitar por acertar. Nesta rexión ninguén vai ir buscalo, é un puto náufrago sen baliza, podería deixar medrar a barba canto quixer, e se non o fai é por non oír a Venres, deus, que insoportable aprendiz de psicólogo programaría o seu módulo de interacción humana, era peor que unha nai pesada, "Ten mellor aspecto cando se barbea, Carmelo". Xa ían dúas veces que llo soltaba no medio dunha conversa, cando case esquecera con quen estaba a falar, sóltalle "non se atopa mellor rasurado?". Que simple modo de manter a moral, barbéate e xa está.

Decae, decae, si, pero é o que lle queda, decaer infinitamente como neses soños que agora ten reiteradamente, a que veñen, nunca dende adolescente, espértase fatal e con suor fría, brusca aterraxe. Deixarse morrer é o máis razoable, non deixarse, senón matarse docemente, e é o que vai facer, non agarrarse a unha probabilidade infinitesimal, á tola esperanza de ser rescatado, encontrado. Non ten enerxía nin tempo abondos para esperar. Á deriva. Toma os teus *spaguetti* con proserotonina que te estás a murchar. Tería que tomar un explosivo euforizante para esquecer a negrura do seu presente, podería preparar algún, pero nin ganas ten, nin de encargarllo a Venres, todo é un pouco absurdo de máis, negro o ceo, negro o ánimo, negra a noite perpetua. El non é Robinson, el non ten moito que facer para manterse vivo, non ten que fabricarse vivenda e utensilios, non ten que procurarse comida e acubillo, el non ten que facer ningunha desas cousas que o manterían

ocupado, el só ten que ocuparse de manter unhas ganas de vivir mínimas, e iso non lle leva demasiado, déixalle tempo de sobra para afondar na depresión, lento xeito de morrer que prefire acelerar.

Pódese entreter facendo cálculos. E fainos. Canta xente cabería no seu vehículo. Unhas 120 persoas, ben apertadas. Cantos universos poderían formarse e desaparecer no tempo que tardaría en chegar a Halibur, que é o que está máis preto? Con case un é máis que suficiente. Canta xente lembrarase del. Dous, pero non moitas veces. Cantas personalidades podería extraer do supervisor para ter unha ilusión de reunión, de múltiple convivencia. Nin media. Colleulle xenreira ultimamente, case o odia, pensar que el vai desaparecer sen remedio e ese puto traste quizais sexa atopado e recuperado. Si? Non, están demasiado lonxe. Ao supervisor ocorreralle o mesmo, só que non se dera conta aínda. Como non se ía dar conta? Ten toda a información sobre rutas de navegación, asentamentos, frecuencias de tráfico e demais, coñece a situación e estado da nave de corrido, e mesmo un xogador de parchís chegaría a mesma conclusión que chegou el -aínda que tardou en facelo porque a angustia nubráballe o entendemento- así que tanto máis un sofisticado e completo supervisor coma Venres. Que conclusión, preguntará Venres cando llo diga, a conclusión de que todo concluirá, he he hé, unha alegría perversa excítao ante a posibilidade de inquietalo, ti tamén acabarás, a túa fonte de enerxía esgotarase moi probablemente antes de contactar cun centro de aprovisionamento. Quizais o sabe e élle exactamente igual. Exactamente ao contrario que a el.

Inxéctase unha dose xenerosa de euforizante para animarse a falar, que fai efecto en menos de vinte segundos.

- A túa enerxía tamén vaise esgotar, Venres, decatácheste?
- O cre así, señor Robinson?
- (Ségume o conto e todo, deus, non o aturo) Ténome que si. Podes facer ti mesmo os cálculos se non os fixeches xa, cousa que me estraña. Sabes o que durarán as túas baterías, e estamos, segundo ti tesme claramente indicado, a máis de cincocentos séculos de calquer receptor de sinais.

- Si, é unha posibilidade que debe contemplarse.
- É máis que iso, é algo altamente probable. Perderás toda a túa información duramente acumulada.
- Non exactamente, pois podo ser reactivado, coma vostede sabe.
- (Ah, sempre o mesmo mito). Vale, é posible, pero eses procesos non son fiables. Non creo que sexas o mesmo. E, ademais, é moi difícil que atopen a nave.
- Polo menos existe esa posibilidade. Teño un prazo máis longo que vostede e máis opcións.
- Si, e é o que me fode. Cabrón.
- Desafogue. Sei o que significa para vostede a proximidade da fin.
- Non, non o sabes, non tes nin puta idea, porque se fose así estarías pondo os teus putos circuítos a funcionar buscando un xeito de afastalo. Entendes, imbécil?
- Eu enténdoo, Robinson, témome que é vostede o que non o entende. Eu teño asumida a miña caducidade. Sei que non estarei sempre en funcionamento, pero espero cumprir as miñas tarefas satisfactoriamente mentres estea activo. Non estou preparado para lamentarme pola miña futura desaparición, e se penso acerca diso, considero que tampouco é para tanto a existencia que teño: levar os controis desta nave, manter este tipo de charlas... Non é algo que dea ilusión por existir eternamente, de modo que cando chegue o fin, recibireino con dignidade.
- (se ten fumes e todo) Observo que te contradís. Ao principio parecía que si tiñas interese en perdurar, e agora disme que é un noxo de vida.
- Trato, principalmente, de manter a conversa, sempre dentro dos límites do verídico.
- Será fachendoso este anaco de traste noxento!
- Se estou noxento é porque vostede deixa caer sempre pingueiras dos seus purés e faragullas das galletas sobre as miñas interfaces, se me permite recordarllelo. Está vostede a perder os modais e, creo terllo comentado xa, un barbeado melloraría notablemente o seu aspecto.

Carmelo fai un esforzo por conterse e consígueo. Unha torradora parlante e puntillosa con toniño de HAL 9000 non vai ser quen de facerlle perder os nervios.

- Recoñezo que non levas unha existencia envexable, pero se acaba non hai posibilidade de melloralala.
- Tampouco de que empeore. Non se esforce, son refractario a esas argumentacións como debería vostede saber.
- Queres que morramos xuntos, Venres?
- Se lle fai ilusión.
- O que me faría ilusión sería vivir xuntos. Oh, deus, ves que bobadas me fas dicir?
- Non se acore, Robinson, eu tamén sinto algo por vostede.
- (gracioso, aínda por riba) Si? E poderías explicarme que especie de simulación de sucedáneo estatístico sentes por min?
- Compañón. E creo que vostede sente algo de forte compoñente adrenalínico que podería chamarse ira.

Reina un silencio breve pero espeso. Si, programouno un estudante de primeiro de psicoloxía e ademais budista, pensó Carmelo. Afastouse -na medida que o permiten as dimensións do habitáculo- pensando que o supervisor é máis completo e sofisticado do que creera, e quizais fose capaz de soste unha ou dúas conversacións máis con el, pero chegaría un momento en que faría o que tiña que facer, o único sensato, suicidarse e rematar dunha vez. Quizais antes esnaquizar ao supervisor, nun ataque de ira. Aquilo non levaba a nada.

Ao cabo dunhas horas, sen saltarse a toma da medicación, comentouno con el.

- Venres, voume suicidar. Estou pensando en como facelo e gustaríame que me deses a túa opinión.
- Paréceme unha decisión precipitada.
- Refírome á túa opinión sobre o xeito de facelo, non se é conveniente ou non. Ti non estás capacitado para xulgar iso.
- Non digo que non o faga. Só que espere.
- A que? Os psicoestabilizadores acabaranse nunhas 100 horas, e daquela

non me vai a compensar o sufrimento.

- Iso non é razón suficiente. Pode sintetizar máis.
- Sí, pero aínda que alargue isto un mes, que gaño? Non sairei de aquí e non chegarei ao destino previsto. Nin a ningún outro.
- Eu tampouco e non me poño así.
- Que saberás ti, so traste.
- Por que me pide opinións e fala comigo se son un traste?
- (Non soporto cando se pon en plan ELIZA, deus)

Novamente é o silencio a única resposta digna. Que sabe un supervisor da angustia que se pode sentir. Carmelo sénteo todo. Sente o universo coma un lento corazón que ten unha pulsación única, expansión e contracción, *big-bang* e *big-crunch*, sístole e diástole. Un único latexo que o inclúe todo, os millóns de latexos dos millóns de seres que viven e morren nel, os millóns de latexos dos millóns de quásaes que pulsan a súa enerxía e a súa abraiante mensaxe. Todo desaforado, bestial. Tamén a súa mente latexa, coma o universo corazón. Agora toca contracción, o mundo é pequeno, denso buraco negro sen luz. Ah, si, cando se expandía, que marabilla, que explosiva supernova. Pero cando se contrae, como se contrae unha enfermidade, de gravidade, todo pesa infinitamente nun reducto de cero dimensións, nulidade insoportable.

Un pedazo despois, cando lle parece que o efecto dos últimos psicofármacos diminuíu bastante, esfórzase en dicir, cun ton xovial que rechía:

- Ben, Venres. Non sei porque cho digo, pero voume suicidar. Inxectareime tratopolamina e en dez segundos acabouse. Creo que é o mellor.
- Creo que deberíamos reconsiderar a situación. Estíviena examinando con máis detemento e hai elementos que non considerara antes. Déame algo de tempo para asegurarme.
- Que non consideraras?
- Nada que represente unha solución, de momento, pero, por exemplo, comprobei a posibilidade de impacto cun asteroide ...
- Ah, estupendo. Un pouco de animación non nos viría mal.

- ... cunha probabilidade o suficientemente alta como para descartar o esgotamento enerxético.
- É un consolo saber que non morrerás de vello senón apedrado, grazas, Venres. O teu humor negro vénme de perlas nestes momentos.
- Nada pode darse por feito ata que ocorre.
- E que me contas, que me dis con iso? Dígoche que me vou matar agora xa, e sáesme con esas.
- É a súa decisión, que eu respecto. Pero debería deixarme levar os cálculos ata o final. Aínda está san, e non está totalmente illado. Pode comunicarse comigo. Tan mal se atopa? É tan urxente a súa necesidade de pór fin á situación?
- O que non entendo de ti é como podes soltar eses discursos de non "perda a esperanza", "aguante ata o final" e asemade ter feitos cálculos precisos sobre o irreversible da situación, sen propulsión, control de navegación nin comunicacións. Non sei se pospoñer o suicidio para estudarte un pouco máis a fondo.
- Ve como sempre hai algo que mantén o interese pola vida?
- Ou para explicarche que é a ironía. Venres, sabes que che digo?
- Creo que si.
- (se cadra tampouco é tan bobo)
- Botareino de menos, créame. Imaxinarei a alguén coma vostede para interactuar.
- 
- Carmelo.
- Dime.
- Faleille da corrección do efecto gravitatorio?
- Non, pero nin sequera o intentes. Aprecio o teu interese, felicita aos teus programadores se chegas a ter ocasión, e agora, fai o favor, cala un pouco.